

Proxecto
de
Normalización e Dinamización
Lingüística
curso
2009-2010
IES LAGOA DE ANTELA

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICAS

CONSTITUCIÓN:

Profesora coordinadora:

CARME GÓMEZ GARCÍA, profesora de Lingua Galega e Literatura.

Profesorado integrante:

UXÍA NOGUEIRA MARTÍNEZ, profesora de Lingua Galega e Literatura.

TOMÁS GARCÍA, profesor de Bioloxía.

Profesorado colaborador:

XULIÁN XOSÉ VÁZQUEZ, profesor de Educación Física, JUAN QUINTAS, profesor de Audición e Linguaxe, XOSÉ MANUEL FÍRVIDA PLAZA, profesor de Economía, LUÍS ÁLVAREZ GONZÁLEZ, profesor de Filosofía, BELÉN CASTRO, profesora de Lingua e Literatura Española,

Alumnado integrante:

1º ESO: PABLO CID, ADOLFO DACAL, CHRISTIAN DACAL, KARLA CID, JAVIER QUINTAIROS, ANA FEIJÓO, ALICIA FEIJÓO, SONIA VÁZQUEZ

2º ESO: JUAN JOSÉ ENRÍQUEZ, ARACELI CONDE

3º ESO: CARLOS SAID, YOLANDA DOLIVEIRA, LETICIA DA CUNHA, MIGUEL CARBALLO, JONATAN DOMÍNGUEZ

4º ESO: VANESSA CAROLINA MILEO, ALEJANDRA PAREJAS, LEDICIA PRIETO

BAC: ANA BARXA, RAQUEL VÁZQUEZ, CÁNDIDO PANIAGUA, RAQUEL TRIGO, VICTORIA FEIJÓO

Persoal non docente:

MIGUEL ANXO BARGE GIL, funcionario subalterno.

ANPA:

CARLOS BARJA, membro da ANPA.

Persoal da cafetería

MANUEL OPAZO JARDÓN

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA**CONTORNO**

O IES Lagoa de Antela é un centro público situado na bisbarra d'A Limia que imparte, ademais da ensinanza secundaria obrigatoria, os bacharelatos das modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Ciencias e Tecnoloxía e os PCPI de Cociña e Carrocería.

A lingua predominante da vila de Xinzo é o galego, aínda que o seu uso descende minimamente con respecto aos usos lingüísticos da poboación rural, en que se constata uns usos practicamente monolingües en galego.

No resto dos municipios (Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Vilar de Barrio, Baltar, Calvos de Randín, Sandiás, ...), tanto nas cabeceiras como nas aldeas a lingua de uso maioritaria é o galego.

No estudo sociolingüístico do sector comercial da comarca realizada o curso 2007-2008 constatábase que na vila de Xinzo máis do 75% dos negocios empregaban o galego como lingua vehicular oral e esta porcentaxe aumentaba ata case o 100% nos demais concellos da comarca. Non obstante, a maioría declarábase pouco competente en lingua escrita e confesaba non ler case nada en galego.

O galego tamén é a lingua maioritaria empregada nas institucións locais. O mesmo ocorre coas asociacións de diferente signo: ecoloxistas, xuvenís.

ALUMNADO

O **alumnado** é, na súa maioría, galegofalante: o que procede do ámbito rural amosa uns hábitos monolingües en galego, fronte ao alumnado da capital do municipio en que a presenza do castelán é máis visible. Non obstante, logo de ter realizadas unas enquisas ao alumnado de 1º e 2º da ESO, constátase un leve aumento da presenza do castelán no alumnado máis novo, o cal indica que a presión do castelán está a influír nos hábitos lingüísticos deste sector se comparamos co resultado das enquisas realizadas hai dous anos.

No IES Lagoa de Antela hai máis dun 10% de alumnas e alumnos inmigrantes. A 1º da ESO incorporáronse este ano 5 alumnos e alumnas de procedencia marroquí que se suman a outros 5 repetidores. Un 5% do alumnado de 1º da ESO é de procedencia xitana, presentando problemas canto á competencia comunicativa nos dous idiomas oficiais. Para atender o alumnado inmigrante dispomos dunha profesora a tempo parcial, insuficiente para atender as necesidades lingüísticas do alumnado estranxeiro.

PROFESORADO

Canto ao **profesorado**, máis do 50% emprega o galego nas súas aulas e mostra unha disposición favorable cara ao galego, aínda que confesa carecer dunha competencia lingüística óptima.

CENTRO

O galego é a lingua vehicular empregada polo **centro** para a comunicación interna e externa a nivel escrito e é a lingua maioritaria utilizada nos usos orais: no rotulado do centro, nas notas informativas...

A lingua de uso do **persoal non docente** é o galego: tanto bedeis coma persoal administrativo empregan o galego nas súas comunicacións orais e escritas.

O galego tamén é a lingua maioritaria utilizada, tanto a nivel oral coma escrito, nas relacións do centro co alumnado, coas institucións locais e coa ANPA. É a lingua das TIC, da documentación administrativa e informativa.

A **ANPA** tamén emprega o galego como lingua vehicular para as comunicacións orais e escritas.

En resumo, o IES Lagoa de Antela está situado nun contorno claramente galegófono pois a lingua maioritaria é o galego.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CURSO 2009-2010

As actividades deseñadas polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Lagoa de Antela operan en dúas direccións:

- **No uso do galego oral e escrito.**
- **Na creación de actitudes positivas e dignificación da lingua.**

No IES Lagoa de Antela levamos traballando dende que se formaron os equipos de normalización a prol da lingua galega en todas as direccións posibles. A implicación de todos os membros da comunidade educativa é a nosa prioridade e tamén constitúe un obxectivo constante no noso labor. As accións que se planifican pasan por atender á diversidade, atendendo especialmente ao alumnado inmigrante e procedente doutras partes do Estado, e conseguir unha revalorización da lingua que impida a deserción lingüística no alumnado galegofalante. Durante o 1º trimestre do presente curso realizamos accións que contaron co apoio económico do centro e da biblioteca, sen os cales non sería posible levalas a cabo. A planificación de accións dirixidas ao contorno tamén constitúe dende hai tres anos un obxectivo prioritario e unha preocupación constante.

1- Obxectivos dinamizadores xerais

- Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo.
- Combater prexuízos e prestixiar a lingua galega na comunidade educativa.
- Incentivar o ritmo vivo da lingua e contribuír ao incremento da competencia activa.
- Implicar a todos os axentes da comunidade educativa no proceso normalizador.
- Aumentar o uso da lingua no contorno, modificar hábitos e crear actitudes favorables cara á lingua.

2- Obxectivos específicos e accións previstas

1- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

OBXECTIVOS:

Fomentar a lectura en galego, crear dinámicas de interacción xeracional e fomentar actitudes favorables cara á lingua con campañas en positivo.

Accións:

- ***Campaña de fomento da lectura en galego:*** comezouse a realizar en Nadal unha campaña de fomento da lectura en galego a través de préstamos directos de libros de éxito en galego de diferente temática: *A praia dos afogados e Ollos de auga*, de Domingo Villar, *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, *Veleno tinto*, de Ramón Carredano, *A pomba e o degolado*, de Fina Casalderrey, *Rúa Carbón*, de Marilar Alexandre... Puxéronse máis de 40 libros en circulación nas vacacións de Nadal grazas á colaboración da Biblioteca que nos prestou os libros dos fondos bibliográficos. Acompañáronse dunha carta explicativa, unha enquisa, uns poemas, unha pegatina e un marcador de agasallo. Tamén se seguirán a realizar gravacións de poemas coa participación de diferentes persoas da bisbarra. Esta campaña terá continuidade durante todo o curso e prolongarase no verán.

- **Intercambio cultural co centro social:** estableceuse contacto co centro social da vila de Xinzo para realizar entrevistas a persoas da terceira idade e recoller vivencias, contos tradicionais e lendas. Ao centro tamén se desprazarán os grupos de teatro para realizar lecturas e escenificar contos e lendas. Nestes momentos estase a traballar con textos elaborados polo propio alumnado e con lendas de tradición oral como a “Lenda da Lagoa de Antela”.
- Seguirase co **proxecto medioambiental** de restauración do monte queimado de Candás en colaboración co concello de Rairiz de Veiga. O departamento de Ciencias, en colaboración co departamento de Normalización iniciou hai tres anos este proxecto de restauración coa plantación de árbores autóctonas que supuxo traballar con vocabulario referido ao campo semántico das árbores e vexetación autóctonas. Nestes momentos hai un grupo de alumnas de 1º de Bacharelato realizando un traballo sobre a zona e está en proxecto a realización de fichas sobre as propiedades e características das árbores plantadas: acivros, carballos, freixos, bidueiros...
- Mantense **contacto coa asociación cultural Aguilloar** para asistir ás actividades culturais (recitais, proxeccións) que organicen e procurarse involucrar nestas o alumnado do instituto.
- Estabeleceuse contacto coa **asociación cultural Lethes** que publica unha revista anual co mesmo nome para dar unha charla ao alumnado. A charla será impartida en abril por Delfín Caseiro, autor da publicación *A lenda da lagoa de Antela*. Acompañarase a sesión dunha proxección de fotos e escenificarase a lenda da Lagoa de Antela a cargo do alumnado de teatro.
- Séguense organizando co **CDR O Viso de Lodoselo** actividades co alumnado e profesorado: realizáronse varias saídas do alumnado a través do profesorado de Ciencias para coñecer os modos de vida tradicionais (cocida de pan...) e visitar a aula de natureza. Tamén se organizou coa asociación unha parte do intercambio co IES Monte Carrasco de Cangas, actividade descrita máis adiante.

2- PROFESORADO

OBXECTIVOS:

Aumentar os usos e as competencia comunicativa e lectora no profesorado, fornecelo de recursos e incrementar os usos orais no profesorado castelánfalante.

Accións:

- **Fornecemento de recursos en galego ao profesorado das diferentes materias:** séguese e seguirase provendo ao profesorado de material didáctico e informativo que se edite en galego (novos dicionarios, libros específicos de cada materia...), mercaranse publicacións de interese xeral e fornecerase de ferramentas tecnolóxicas (correctores, páxinas web de interese, dicionarios web...).
- Publicarase un **novo libro de textos** para o Día da Paz en diferentes linguas coa colaboración do alumnado inmigrante e o profesorado de linguas.
- **Intervención directa de departamentos nas accións normalizadoras:**
 - Plástica:** no concurso de postais de Nadal e máscaras de Entroido así como na cartelería e accións plásticas.
 - Música:** na incorporación de fragmentos musicais nos vídeos elaborados e nas actuacións musicais en recitais, teatro e actuacións.
 - Ciencias,** na abordaxe da 3ª fase da plantación en Candás, nas visitas a Lodoselo e no intercambio.
 - Educación Física,** na planificación do *Correlingua*.
 - Linguas estranxeiras:** nas Lecturas Abertas na biblioteca e na confección de boletíns e publicacións.
 - Orientación:** na planificación de actividades de integración do alumnado inmigrante.

PCPI de Cociña: na organización das festas tradicionais con pratos da época, na elaboración de pratos dos países de orixe do alumnado inmigrante e a súa conseguinte receita en galego.

PCPI de Carrocería: na celebración do Día do Teatro e Día da Paz.

Tecnoloxía e Tic: na montaxe do material videográfico e na habilitación de materiais para as actividades.

Biblioteca: a Biblioteca seguirá mantendo o uso do galego na planificación e execución das actividades deseñadas e nas estratexias informativas (boletíns, carteis...). A función do equipo da biblioteca é deseñar actividades de dinamización lectora, coordinar os distintos departamentos para a súa participación nestas actividades e promocionar a lectura e o uso dos recursos do espazo da biblioteca. Desempeña un papel fundamental na planificación dos días sinalados no calendario e organiza, co equipo de normalización, un conxunto de actividades que promocionan a lectura dende as dúas vertentes: privada e pública. Tamén deseñará unha actividade de educación documental sobre a figura De Uxío Novoneyra, escritor homenaxeado nas Letras Galegas do ano 2010.

- **Fomento da lectura en galego:** seguirase co proxecto iniciado hai dous anos que promove o incremento da lectura en galego por parte do profesorado con accións xa existentes e outras novas:

1- “O recuncho da lectura”: os espazos habilitados na Sala de Profesorado e na Biblioteca para promover a lectura en galego seguiranse actualizando coa adquisición de novidades e libros de éxito. Este espazo renóvase nas datas previas ás vacacións de Nadal, Semana Santa e verán. Algúns dos títulos adquiridos este curso son: *Peaxes*, *Sol de inverno* e *A praia dos afogados*. Compraranse títulos como *Memorias de cidades sen luz*, de Inma López Silva, *Invisible*, de Paul Auster e *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras.

2- Creación dun club de lectura entre o profesorado e persoal non docente. Creouse un club de lectura entre o profesorado

ao que se dirixirán varias lecturas en galego como *Sardinia blues*, de Flavio Soriga, *Cartas de amor*, de Fran Alonso e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar. Este club está formado por 12 profesores e profesoras e un bedel. 4 profesoras membros do club son de procedencia castelá e esta vai ser unha oportunidade para achegar a literatura galega a persoas que teñen como lingua materna o castelán, favorecendo o aumento da súa competencia lectora e lingüística.

3- Fomento da participación do profesorado non galegofalante nas Lecturas Abertas. Esta actividade, comenzada hai dous anos, está a ser moi efectiva canto ao fomento do galego oral entre o profesorado e cara ao alumnado que asiste porque escoita falar en galego con naturalidade a quen non acostuma facelo nas aulas. O equipo de normalización xunto co da biblioteca encárgase de fomentar a participación do profesorado non galegofalante, sobre todo o procedente doutras partes do Estado.

3- SITUACIÓN DO ALUMNADO

OBXECTIVOS:

Revalorizar a lingua, desterrar prexuízos para evitar a deserción lingüística e incrementar a competencia activa no alumnado.

Accións:

- **Fomento da lectura en galego:**
 - Continúase co proxecto iniciado hai dous anos das **mochilas viaxeiras**. O contido en galego destas sobrepasa o 70% e inclúe: a revista do curso pasado, un CD de música en galego, dous cómics na nosa lingua, catro libros de literatura variados en galego, unha carta dirixida ás familias e uns agasallos (varios marcadores e un pin) e un boletín con recomendacións literarias.

- **Exposición de libros:** colócanse na Biblioteca mesas con libros de interese ou cunha temática determinada en datas previas ás vacacións e en días sinalados. No Samaín, por exemplo, realizouse unha exposición de libros de medo. Cando vén un escritor ou escritora expóñense libros destes. Tamén se acompañan os libros de recomendacións literarias. O profesorado de galego, incluída a propia coordinadora, asume o papel de crítico segundo os gustos do lector e fomenta a lectura nesas datas durante os recreos nesas datas e o resto do curso. A proba da efectividade desta práctica está en que aumentou a lectura en galego con respecto a anos anteriores en máis dun 200%.
- Continúase coa andaina do club de lectura ***Nós tamén navegar***, que traballa con textos galegos en máis do 80% dos casos e cuxos coloquios se realizan en galego, algúns cólganse no blog: www.blogoteca.com/nostamennavegar. Hai que destacar que as persoas que dirixen os grupos de 1º ciclo e 3º da ESO son profesoras de Lingua Española, contribuíndo con uso do galego neste ámbito á súa revalorización por parte do alumnado. Algúns títulos que se están comentando nos distintos clubs son: *Asústate, Merche*, de Marilar Aleixandre; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo; *Chamábase Luís*, de Marina Mayoral e *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre. Este curso puxémonos en contacto coa Concellaría de Cultura de Ourense para participar nas tertulias literarias que organiza o concello e que implica a diferentes centros de ensino da capital e da provincia. O 26 de xaneiro assistiremos co club de 4º de ESO e 1º de BAC a unha sesión con Marilar Aleixandre, autora de *Cabeza de Medusa*, tendo previamente lido e comentado o libro.
- Convocatoria de **concursos** para fomentar a creatividade e a sensibilización artística en datas sinaladas: postais, microrrelatos e

micropoemas no Nadal, declaracións de amor para o Día do Amor, máscaras para o Entroido, caligramas para o Día da Poesía, fotografía para o mes dos libros e videocontos e videopoemas para as Letras Galegas. Fomentárase a participación con carteis atractivos e potenciárase nos PCPI de Cociña e Carrocería. Os premios consistirán en lotes de libros en galego, CDs de música galega, diplomas e pen drivers.

- Seguirase fomentando a participación na **revista dixital *No Límite***. Ao principio de curso organízase unha reunión para recabar voluntarios e voluntarias que colaboren con artigos, relatos, poemas, debuxos, fotografías, recollida de toponimia, lendas e entrevistas que se van colgando na revista dixital.
- **Publicacións:** editaranse libríños con textos pola paz, boletíns con recomendacións literarias e algún fanzine coa colaboración do alumnado con temática variada. Substituirase a edición da revista, por ser a súa impresión excesivamente cara, por unha publicación máis barata.
- **Celebración dos días sinalados no calendario:** séguense e seguiranse a celebrar os días sinalados no calendario en colaboración coa Vicedirección do centro e co equipo da biblioteca.

Día da Biblioteca, 24 de outubro: realizouse o xogo “Busca no cartel”, unha exposición de libros de éxito na biblioteca, a montaxe de “A Árbore das palabras”, recomendando un libro, e degustación de tapas e doces elaborados polo alumnado de PCPI de Cociña.

Día Mundial contra a Violencia de Xénero, 25 de novembro: confeccionouse un pachtwork (unha tea-mosaico) elaborada polo alumnado coséndose anacos de tea co nome e data das vítimas da violencia de xénero, palabras e frases en positivo. No recreo procedeuse a un acto de exposición dos traballos artísticos e á lectura duns textos polo alumnado e profesorado referente ao tema.

Día da Paz, 30 de xaneiro: vanse realizar lecturas de textos na biblioteca por parte de alumnado e profesorado e confeccionárase un libríño.

Día do amor, 14 de febreiro: concurso de declaracións de amor.

Día da Poesía, 21 de marzo: concurso de caligramas.

Día do teatro: escenificación de “Ramón”, de Sergi Belbel, polo grupo de PCPI de Carrocería, na Biblioteca.

Semana das Letras Galegas: recital de poesía tendo como fío condutor a figura de Uxío Novoneyra, vídeo sobre a figura do escritor e xogo de educación documental dirixido ao alumnado.

- **Celebración das festas tradicionais** (Magosto, Samaín e Entroido): celebráronse e celebraranse accións coa colaboración do alumnado de ESO, de Bacharelato e de PCPI de Cociña. No **Magosto**, confeccionáronse pratos con castañas e unha exposición de cogumelos. Para o **Samaín**, en colaboración co Departamento de Plástica, confeccionáronse cabazas e realizouse unha exposición. Tamén se escenificaron uns contos de medo inventados e recollidos polo alumnado de teatro e léronse outros contos como “Sobre a morte do Bieito”, de Rafael Dieste e “O Fornadas”, de Xabier P. Docampo. O alumnado de PCPI de Cociña preparou pratos con produtos da época para degustar na biblioteca. Para o **Entroido** hai previsto un concurso de máscaras e unha festa de disfraces.
- Organizaranse **Encontros coas nosas escritoras e escritores** (Anxo Fariña, An Alfaya, Lola Gándara, Ramón Caride Ogando ...). Previamente preparárase, coma todos os anos, a presentación dos escritores e unha batería de preguntas que o alumnado dirixirá aos autores e que se gravarán para, posteriormente, recollerse na páxina web e na revista dixital **No límite**. En abril realizarase unha excursión para percorrer o itinerario d’*A praia dos afogados*, de Domingo Villar, éxito de vendas este ano, co alumnado de 4º da ESO e 1º de BAC.
- **Promoción da música galega: os 10 máis votados**. Fomentárase o coñecemento da música en galego a través dun concurso en que se escollerán mediante unha votación 10 cancións. Grupos e cantantes como Galego Z, Nordestin@s, Marful, Astarot, Dios ke te crew, Os Ghamberros, Uxía Senlle, Luar na lubre, O’Leo i Arremecághona

deixaranse oír nos recreos na cafetería do instituto e no Salón de Actos. Logo gravaranse uns Cds coa selección.

- **Teatro:** os dous grupos de teatro do instituto escenificarán pezas teatrais, lendas e contos e protagonizarán performances tendo o galego como vehículo de expresión. Tamén se asistirán ás representacións que se organicen en Ourense. O alumnado de 1º de BAC asistiu á representación d'A *esmorga*, de Eduardo Blanco-Amor, escenificada polo grupo de Sarabela. No Samaín e no Nadal xa se realizaron varias representacións que contaron con numeroso público.
- **Potenciación das TIC:**

1- **Proxecto audiovisual:** como é tradición, fomentárase a realización de vídeos sobre temática variada. Durante o 1º trimestre organizouse un curso de audiovisual nos mediodías dos luns para persoas interesadas ás que se lles deron unhas nocións de manexo de cámara (ángulos, planos, guións, clips...) e aspectos básicos para unha montaxe con programas como o *movie maker* ou o *magic deluxe*. Están en proxecto varias curtametraxes elaboradas polo propio alumnado, videopoemas, entrevistas e un documental sobre a figura de Uxío Novoneyra, escritor homenaxeado este ano nas Letras Galegas. Convén destacar a participación do centro no festival OUFF Escola de Ourense o curso pasado onde se obtivo un premio sen dotación económica. O alumnado desprazouse a Ourense para ver proxectados os seus vídeos e o custo da viaxe correu a costa do orzamento de Normalización, na partida correspondente ao centro.

2- Coa colaboración do **Equipo das TIC** seguirase mantendo e creando novas canles de comunicación *inter-web*. A páxina web, a sección da Biblioteca, os *blogs* do club de lectura e o *blog* do ENDL contribuirán, co seu mantemento e actualización, ao proceso normalizador. Seguirase

promovendo a participación do alumnado nos *blogs*. Actualmente están en uso a páxina web e os *blogs* de normalización e do club de lectura:

<http://centros.edu.xunta.es/ieslagoadeantela>.

www.blogoteca.com/ofalarnontencancelas

www.blogoteca.com/nostamennavegar

www.revistanolitem.blogspot.com

4- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

OBXECTIVOS:

Contribuír ao mantemento da lingua galega como vehículo oficial e normalizar a nova documentación

Accións:

- **Normalizar lingüisticamente a documentación oficial:** informes, cartas a nais e pais, titoría, Proxecto Lector, Observatorio de Convivencia, Regulamento de Réxime Interno..., documentos que están en proceso de revisión e/ou de elaboración.
- **Asesoría e revisión da documentación** do departamento de Orientación e do equipo directivo e do resto do profesorado. Tamén na resolución de dúbidas e na asesoría lingüística canto a recursos e ferramentas de en todo tipo de soportes: dicionarios, gramáticas, vocabularios, correctores, tradutores...
- **Proporcionar información sobre novidades en galego:** cine, literatura, acontecementos, cursos... a través do taboleiro do ENDL sito no corredor e a través das canles dixitais.

5- Seguir a colaboración con outros ENDL en proxectos xa iniciados.

Accións:

- Organizar algunha acción conxunta co **IES Cidade de Antioquía** como se vén realizando todos os anos: organizouse unha charla conxunta co

antropólogo de Loureses-Os Blancos, Manuel Mandianes, que falou o luns 18 de xaneiro da súa traxectoria vital e de aspectos etnográficos.

- **Intercambio co IES Monte Carrasco de Cangas.** Estableceuse contacto co IES Monte Carrasco sito no concello de Cangas para realizar un intercambio entre os dous centros. Nunha 1ª fase, o mes de febreiro, comunicárase por carta o alumnado participante (membros dos clubs de lectura, de teatro e do equipo de normalización) e nunha 2ª fase producírase un encontro (3 de marzo en Cangas e o 26 de abril en Xinzo) entre os grupos dos dous centros. Neste proxecto traballarán as variantes dialectais, formas de vida e costumes e tradicións, incluídas as literarias. O feito de seren unha vila mariñeira e unha vila agraria situadas en áreas dialectais diferentes resultará unha experiencia interesante a nivel pedagóxico. Na súa visita a Xinzo o 26 de abril visitaremos o museo etnográfico de Vilar de Santos e o da Lagoa de Antela de Sandiás, onde o alumnado exercerá de guía. En Lodoselo organizarase unha xornada de convivencia e intercambio cultural, leranse contos e lendas, compartirán xogos populares e visitarán a Aula de Natureza.
- **Encontro de clubs de lectura a través de tertulias literarias** e charla cun escritor ou escritora, previa lectura do libro: *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre, en Ourense, e *Resistencia*, de Rosa Aneiros en Allariz. O club de lectura do IES Allariz e o do IES Lagoa de Antela compartirán unha xornada en Ourense, visitando o roteiro d'A *esmorga* e asistindo á tertulia sobre o libro de Marilar Aleixandre que se celebrará no Liceo o 26 de xaneiro.
- **Proxecto intercentros**, iniciado o curso anterior: seguirase mantendo contacto cos centros que participaron no proxecto "Visibilizando a toponimia" o curso anterior (IES San Mamede, IES Julio Prieto Nespereira e IES Abrente) para dar continuidade ao proxecto iniciado e emprender algún novo. Unha idea que se comentou é a de deseñar unha bolsa de tea con textos de Uxío Novoneyra para realizar unha homenaxe ao escritor ao que se lle dedican as Letras Galegas deste ano

e fomentar a súa lectura e coñecemento do autor. As bolsas de tea distribuiríanse entre o alumnado nunha campaña conxunta subvencionada pola Biblioteca e o departamento de Normalización.